MEMORIA ACTIVIDADES

Resumo das actividades desenvolvidas polo CIM de Ortigueira en colaboración co IES de Ortigueira durante o curso escolar 2018/2019

- **QUEN DIXO MEDO. CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN CONTRA VDX : "ESCOITA O MEU SON"**

31 de enro de 2018: Dirixida a 4º da ESO do IES de Ortigueira.

Neste obradoiro o alumnado realizou a análise de xeito dinámico de diversas cancións e estilos musicais , así como o visionado dos clips correspondentes de moda entre as e os adolescentes.
Aprender a desenmarañar os contidos das letras e afondar no tipo de relacións que transmiten é fundamental, xa que provoca unha gran incapacidade para responder de xeito eficaz e temperá os sinais que nos indican que unha relación pode virarse en violenta xa que dificultan en gran medida o establecemento de relacións saudables e entre iguais.








- **Programa #Zero Aiccións**

O CIM de Ortigueira xunto co IES de Ortigueira, colaboron na organización do programa "#Zero Adiccións" promovido pola Deputación provincial da Coruña que se levou a cabo os días 5 e 6 de novembro para o alumnado de 1º e 2º da ESO.

O Programa tiña como obxectivos específicos:

• Identificar as posibles adiccións
• Fomentar o uso das TICs e redes sociais
• Identificar condutas d erisco
• Axudar na adopción de condutas alternativas
• Facilitar ás familias e a comunidade educativa cómo previr, tratar e identificar este tipo de condutas.
• Poner a disposición dos participantes e da poboación en xeral, recursos e información relacionada.
Os días 5 e 6 de novembro o alumnado de 1º e 2º da ESO participou no obradoiro “ Eu paso das drogas” e o día 6 de novembro, no tempo do recreo, colocouse unha mesa informativa para que o resto do alumnad  o coñecera o programa e tivese acceso ao material de prevención





Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536

## 25N. CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO:

- **CONCENTRACIÓN E LECTURA DE MANIFESTO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.**

23 de novembro de 2018. No claustro do Concello.

Concentración diante do concello as 12h con lectura do manifesto contra a violencia de xénero por parte do alcalde, un grupo de nenos e nenas do IES DE Ortigueira realizaron lecturas condenando a violencia de xénero.
Tamén participaron un grupo de mulleres mayores que mediante a lectura amosaron a súa particularidade ante a violecia de Xénero.












Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536

- **PROGRAMA DE EDUCACIÓN AFECTIVO SEXUAL NO ÁMBITO ESCOLAR**

13, 15 e 18 de ferbreiro de 2019.

Es programa xurde da necesidade detectada en canto á educación afectivo sexual dos menores, foi financiado polo Pacto Social contra a violencia de Xenero do Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade.

As persoas destinatarias deste programa foron o alumnado de 4º ESO, 1ºBacharelato e FP Básica do CPI Ortigueira así como profesorado. Chegouse a un total de 54 alumnas e alumnos (34 rapaces e 20 rapazas) e ao profesorado titordos grupos.

Dispón de memoria propia que se entrega tamén ao centro e, que consideramos importante trasmitir a toda a comunidade educativa especialmente ás familias.



- **8 DE MARZO. CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER. PLENO DE MULLERES**

Con motivo da conmemoración do 8 de marzo, duas alumnas do IES representaron ao colectivo mulleres novas no Pleno que se celebrou no claustro do Concello ao remate do Pleno leeron o "Manifesto das mulleres de Ortigueira"

Destacar a activa participación destas menores durante todo o mes de abril e as propostas que defenderon no Pleno.














Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536

- **PROGRAMA EDUCAR EN XUSTIZA.**

13 DE MAIO DE 2019. No Xulgado de Ortigueira.

A concellería de Benestar Social e Igualdade_ CIM en colaboración co Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción e o IES de Ortigueira desenvolveu un ano máis o programa “Educar en Xustiza”.

Este Programa está promovido pola Oficina de Comunicación do Consello Xeral do Poder Xudicial e dirixido ao alumnado de Secundaria co fin de que coñezan o funcionamento do sistema de Xustiza en España .

Asistiu o alumnado de 4º da ESO que se desprazaron á sede xudicial onde a xueza lles explicou as función das diferentes figuras que interveñen nun xuizo e presenciaron en directo a celebración de varios xuizos.






Ortigueira xuño 2019



Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536